

COMUNICADO OFICIAL

De todos e todas é sabido que estes últimos días o concello de Rubiá non pasou polos seus mellores momentos. Os nosos montes quedaron arrasados e a paisaxe de todo o concello é desoladora. Foron días moi duros de traballo, de nervios e de tristura pero tamén se viviron momentos de solidariedade, unión e gratitude.

Queremos agradecer a todos os veciños e veciñas, aos corpos de seguridade, UME, bombeiros, e persoas voluntarias doutros concellos que axudaron nas labores de extinción. Así como todas aquelas persoas e negocios que se achegaron ou que fixeron chegar dende diferentes puntos comida e bebida para toda a xente que estivo traballando sin descanso.

E por último, queremos facer un especial agradecemento á xuventude deste concello, que dende un primeiro momento uníronse e organizáronse para intentar e ao final conseguir, que as diferentes aldeas do concello afectadas por este lume aterrador non se levase ningunha vivenda, nin ningunha vida.

Por elo os partidos políticos PP e PSOE de Rubiá

ACORDAN, seguir adiante coas festas de San Bartolo dos días 23 e 24 xa que consideramos que tras pasar esta difícil situación a veciñanza precisa levantar o ánimo e coller forzas para continuar traballando na recuperación do noso concello.